



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Edicto padrón das taxas de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do primeiro trimestre de 2025

Por resolución num. 593/2025 do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, de data 16 de xuño de 2025, acordouse:

Primeiro: Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao primeiro trimestre de 2025, no que constan 12.787 recibos por un importe de seiscentos noventa mil setecentos sesenta e seis euros e noventa e dous céntimos (690.766,92 euros), que comeza por 2006 DE DIEGO INMOBILIARIA, S.L. e remata por ZURITA TORRICO, VIRGILIO, segundo o seguinte detalle:

CONCEPTOS	IMPORTE
Base imponible taxa subministración auga	298.735,86
IVE auga	29.875,81
Taxa rede de sumidoiros	112.030,75
Base imponible prestación patrimonial depuración	114.615,71
IVE depuración	11.462,22
Canon da auga	124.046,57
TOTAL	690.766,92 euros

Segundo: Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios da corporación e da sede electrónica do concello. Esta exposición, por prazo de quince días desde a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Durante dito prazo, o padrón aprobado estará a disposición do público nas oficinas da Tesourería municipal sitas na rúa Atrio nº 1 (Cambre).

Terceiro: Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 15/07/2025 ao 15/09/2025, ambos os dous incluídos. Transcurrido o mesmo, sen que se efectúe o ingreso, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan, de acordo co previsto nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

Os recibos que figuren correctamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes nos dez primeiros días do período voluntario de pago.

Contra as liquidacións da taxa por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros e a prestación patrimonial de carácter público non tributario, incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes desde a súa interposición. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses, desde a notificación da resolución expresa, ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

No caso do canon da auga a súa repercusión poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A falta de pagamento do canon da auga no período voluntario supoñerá a súa esixencia pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

Cambre, a 16 de xuño de 2025

O concelleiro delegado

Rubén Vázquez Vázquez

2025/3971